



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESTE CONCELLO O DÍA VINTECATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL ONCE

NÚM. 02/2011

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p>ALCALDE-PRESIDENTE D. José María García Rivera.</p> <p>CONCELLEIROS D^a. Rosa Alonso Rodríguez D^a Ana A. Incera Ares D. Pedro M. Fernández Marful D. Ramón Sixto Legaspi</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga</p> <p>SECRETARIA D. M^a Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>Na Alcaldía da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:00 horas do día vinte e catro de febreiro de 2011, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos da Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	--

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 31-01-2011.-

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes da Xunta de Goberno Local se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o día 31 de xaneiro de 2011.

Non producíndose mais observacións, queda aprobada por unanimidade a acta da devandita sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.-COMUNICACIÓN DAS AVOCACIÓNS REALIZADAS.-

Pola Presidencia dáse conta das avocacións realizadas das competencias delegadas en Xunta de Goberno Local por Resolución de Alcaldía de data 18 de xuño de 2007:

-Decreto de Avocación de competencias de data 09 de febreiro de 2011 para a resolución da tramitación da concesión de licenza a D. Francisco Medina Bueno.

3.-LICENZA PROVISIONAL PARA CAFÉ-BAR. RÚA VALLE INCLÁN-ESQUINA PRAZA CONDE FONTAO.-

Visto o escrito presentado por **D. DANIEL LÓPEZ RAMIL**, con enderezo en Rúa Pravia nº 4-3º de Villalba (Lugo), no que solicita licenza municipal de apertura para a actividade de **CAFÉ-BAR**, a ubicar en Rúa Valle Inclán esquina Prza. Conde Fontao de Foz.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Visto o informe dos Servizos Técnicos Municipais e o informe xurídico de Secretaría Municipal, en sentido favorable, tal como consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen perxuício de terceiros e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, **acorda, por unanimidade, CONCEDER licenza municipal provisional de instalación para ACTIVIDADE DE CAFÉ-BAR**, a ubicar en Rúa Valle Inclán esquina Prza. Conde Fontao de Foz, a favor de D. DANIEL LÓPEZ RAMIL, *non podendo exercer-la actividade mentres non obteña a licenza definitiva, a cal deberá solicitar neste Concello, achegando con ela, certificado técnico do director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza e previo pago dos dereitos e taxas municipais correspondentes.*

4.-LICENZA OBRA PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA CAFÉ-BAR. RÚA VALLE INCLÁN-ESQUINA PRAZA CONDE FONTAO.-

Dada conta do expediente de licenza de obras tramitado a instancia de D. ANTONIO LÓPEZ VÁZQUEZ, con enderezo en Rúa Pravia nº 4-3º de Villalba (Lugo), para *acondicionamento de local para CAFÉ-BAR en Rúa Valle Inclán esquina Prza. Conde Fontao-Foz*, segundo proxecto redactado pola Arquitecta Dª. Beatriz López Marcos.

Visto o informe do Aparellador Municipal de data 07 de febreiro de 2011, obrante no expediente.

Visto o informe de Secretaria de data 23 de febreiro de 2011, obrante no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen perxuício de terceiros e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder licenza de obras a D. ANTONIO LÓPEZ VÁZQUEZ, con enderezo en Rúa Pravia nº 4-3º de Villalba (Lugo), para *acondicionamento de local para CAFÉ-BAR en Rúa Valle Inclán esquina Prza. Conde Fontao de Foz*, segundo proxecto redactado pola Arquitecta Dª. Beatriz López Marcos.

Prazo de execución: inicio 1 mes e remate 6 meses, a partires da recepción deste acordo.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

5.-LICENZA PROVISIONAL PARA ALMACÉN MONTAXES ELÉCTRICOS. PARCELA 43, PARQUE INDUSTRIAL DE FOZ.-

Visto o escrito presentado por **INTELEC, S.C.G.**, con enderezo en A Rebolada nº 6-Adelán-Alfoz (Lugo), no que solicita licenza municipal de apertura para a actividade de NAVE INDUSTRIAL: ALMACÉN EMPRESA MONTAXES ELÉCTRICOS, a ubicar en Parcela 43-Parque Empresarial de Fazouro-Foz.

Visto o informe dos Servizos Técnicos Municipais e o informe xurídico de Secretaría Municipal, en sentido favorable, tal como consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen perxuício de terceiros e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

condicións que figuran no expediente, **acorda, por unanimidade, CONCEDER licenza municipal provisional de instalación para ACTIVIDADE DE NAVE INDUSTRIAL: ALMACÉN EMPRESA MONTAXES ELÉCTRICOS**, a ubicar en Parcela 43-Parque Empresarial de Fazouro-Foz, a favor de INTELEC, S.C.G., *non podendo exercer-la actividade mentres non obteña a licenza definitiva, a cal deberá solicitar neste Concello, achegando con ela, certificado técnico do director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza e previo pago dos dereitos e taxas municipais correspondentes.*

6.-LICENZA OBRA CONSTRUCCIÓN DE NAVE PARA ALMACÉN MONTAXES ELÉCTRICOS. PARCELA 43, PARQUE INDUSTRIAL DE FOZ.

Dada conta do expediente de licenza de obras tramitado a instancia de **INTELEC, S.C.G.**, con enderezo en A Rebolada nº 6-Adelán-Alfoz (Lugo), para *construcción de nave industrial destinada a almacén de empresa de montaxes eléctricos*, a ubicar en Parcela 43-Parque Empresarial de Fazouro-Foz, segundo proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Francisco Goás Ferreiro.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 08 de febreiro de 2011, obrante no expediente.

Visto o informe de Secretaria de data 23 de febreiro de 2011, obrante no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen perxucio de terceiros e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder licenza de obras a **INTELEC, S.C.G.**, con enderezo en A Rebolada nº 6-Adelán-Alfoz (Lugo), para ***construcción de nave industrial destinada a almacén de empresa de montaxes eléctricos***, a ubicar en Parcela 43-Parque Empresarial Fazouro-Foz, segundo proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Francisco Goás Ferreiro.

Prazo de execución: inicio 1 mes e remate 3 anos, a partires da recepción deste acordo.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

7.-APROBACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN E AUTORIZACIÓN INICIO DAS OBRAS PARA CONSTRUCCIÓN VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA.

Dada conta do expediente de licenza de obras tramitado a instancia de **CONSTRUCCIONES EIJO REGO, S.L.**, con enderezo en Cordido nº 1-Foz (Lugo), para *construcción de vivenda unifamiliar illada*, a ubicar en Cordido-Foz, segundo proxecto redactado polo Arquitecto D. José Luis Emil Trasancos.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 15 de febreiro de 2011, obrante no expediente.

Visto o informe de Secretaria de data 23 de febreiro de 2011, obrante no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen perxucio de terceiros e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder licenza de obras a **CONSTRUCCIONES EIJO REGO, S.L.**, con



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

endereço en Cordido nº 1-Foz (Lugo), para **construcción de vivienda unifamiliar illada**, a ubicar en Cordido-Foz, segundo proxecto redactado polo Arquitecto D. José Luis Eimil Trasancos.

Prazo de execución: Inicio: 1 mes e Remate: 3 anos, a partires da recepción deste acordo.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

8.-REGULARIZACIÓN DE PARCELAS. LUGAR DE FONTAO. SAN MARTIÑO.-

Dada conta do expediente de licenza de segregación de fincas para agrupalas simultaneamente no lugar de Fontao-San Martiño, segundo proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Manuel Pérez Ron, a instancia de D^a. M^a ESTHER DÍAZ CASTELO E OUTROS, con endereço en Rúa Montero Ríos nº 30-36, P05 D de Lugo.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 02 de febreiro de 2011, obrante no expediente.

Visto o informe de Secretaria de data 23 de febreiro de 2011, obrante no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen perxuício de terceiros e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade, **ACORDA**:

Primeiro.- Conceder licenza de segregación de fincas para agrupalas simultaneamente, tal como consta no proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Manuel Pérez Ron, a D^a. M^a ESTHER DÍAZ CASTELO E OUTROS.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

9.-APROBACIÓN FACTURAS CORRESPONDENTES A GASTOS DE MÁIS DE 6.000 EUROS.-

Pola Presidencia dáse conta das facturas correspondentes a gastos de máis de 6.000 euros que obran no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución dictada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, por unanimidade, **A C O R D A**:

Aprobar as seguintes facturas que se relacionan:

Código Relación: 4		Descrición: FACTURAS XUNTA GOBERNO LOCAL 24/02/2011								
Re g	Fec. Reg.	Nº Factura	Fec. Fac.	Dni/Cif	Razón Social	Área	Importe	I.V.A	Dctos.	VB
128	08/02/2011	11/1/00010	31/01/2011	B27333160	SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE, S.L.	23	19.225,03	0,00	0,00	



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Concepto: SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE, ENERO 2011. SERVICIO AYUDA EN EL HOGAR. DEPENDIENTES VALORADOS										Operación : ADO		Imp. Líquido: 19.225,03
Domiciliación bancaria : BANCO POPULAR ESPAÑOL 0075 8926 20 0600210211												
Partidas Presupuetarias												
233			2272		CONTRATO XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR			19.225,03				
14	09/0	MV/52	01/02/2	B5938	ABS			7.998,1	0,0	0,00		
6	2/20	5	011	3596	INFORMATICA,S	92		6	0			
	11				.L.							
Concepto: ABS INFORMATICA, CONTRATO MANTENIMIENTO APLICACION ES INFORMATICAS RECAUDACION Y PADRON. AÑO 2011										Operación : ADO		Imp. Líquido: 7.998,16
Domiciliación bancaria : 2059 0625 83 8000130235												
Partidas Presupuetarias												
920			2271		MANTENIMIENTO EQUIPOS Y PROGRAMAS INFORMATICOS			7.998,16				
14	09/0		31/01/2	B3601	JOSE M.			13.662,	0,0	0,00		
8	2/20	201	011	6467	DAPORTA E	33		00	0			
	11				HIJOS, S.L.							
Concepto: JOSE M ^a DAPORTA E HIJOS, 2300 KGS. BERBERECHOS										Operación : ADO		Imp. Líquido: 13.662,00
Domiciliación bancaria : BANCO PASTOR 0072 0431 19 0000100043												
Partidas Presupuetarias												
338			2261		FESTEJOS POPULARES Y OTROS GASTOS			13.662,00				
Total										Imp. Presupuesto:		Imp. Líquido:
Relación...										40.885,19		40.885,19
										I.V.A:		Dctos: 0,00
										0,00		

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 20 minutos do día 24 de febreiro de 2011, do que como secretaria dou fe e certifico.-

Vº Bº.
O Alcalde,

Asdo. José María García Rivera.